

TEMPO E CLIMA

OS CLIMOGRAMAS

1. Completa:

Os climogramas son uns nos que se representan as e as dun lugar determinado ao longo do.....

No eixe colócanse as iniciais dos meses do ano e nos eixes, na esquerda sitúase as..... e na dereita as

As temperaturas medias márcanse con e as precipitacións débúxanse con

2. Que dous factores debemos coñecer para realizar un climograma?

humidade – temperaturas medias – precipitacións anuais – temperaturas altas – latitude

3. Observa o climograma e responde:



a. Cal foi a temperatura máxima?

A que mes corresponde?

b. E a temperatura mínima?

A que mes corresponde?

c. Como é a amplitude térmica?
(Recorda que debes restar a temperatura do mes máis cálido e a do mes máis frío).

d. Cal é a cantidade de precipitacións anuais?

e. Cal foi o mes con máis precipitacións?

f. Cal o que tivo menos precipitacións?

OS CLIMAS DE ESPAÑA E GALICIA

4. Escribe estas etiquetas ao lado da descrición correspondente dos climas de España: clima continental – clima mediterráneo – clima oceánico – clima subtropical – clima de montaña.
- a. Dáse nas zonas de máis de 1200 metros altitude.
Temperaturas frescas no verán e moi frías no inverno.
Precipitacións abundantes todo o ano.
Vexetación variada.
 - b. Dáse nas zonas próximas ao Trópico.
Temperaturas altas todo o ano.
Precipitacións moi escasas.
Vexetación autóctona, árbores como o drago.
 - c. Dáse nas zonas próximas ao mar Mediterráneo, nas illas Baleares e Ceuta e Melilla.
Temperaturas altas, con invernos temperados e veráns moi calorosos.
Precipitacións escasas e irregulares.
Vexetación adaptada á calor e á seca.
 - d. Dáse nas dúas submesetas, na depresión do Ebro e do Guadalquivir.
Temperaturas extremas (moi frías no inverno e altas no verán).
Precipitacións escasas.
Vexetación variada e escasa.
 - e. Dáse na zona cantábrica e en toda Galicia.
Temperaturas suaves todo o ano.
Precipitacións abundantes todo o ano.
Vexetación variada e abundante.
5. Coloca cada etiqueta na descrición axeitada dos climas de Galicia: clima oceánico interior – clima oceánico de montaña – clima oceánico litoral
- a. Dáse nas zonas costeiras.
Temperaturas suaves todo o ano, os veráns moi calorosos ao sur.
Precipitacións abundantes todo o ano. Veráns secos ao sur.
 - b. Dáse nas serras.
Temperaturas frías no inverno e suaves no verán.
Precipitacións abundantes todo o ano, máis escasas no verán e no inverno en forma de neve.
 - c. Dáse no interior.
Temperaturas frías no inverno, con brétemas nos vales, e calorosas no verán.
Precipitacións menos abundantes ca no litoral: no inverno con nevadas e veráns máis secos.